



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

ACTA 2015-12

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO
2 de Decembro de 2015

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:30

Hora de Finalización

15:05

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ
Secretario: PAULINO FERNANDEZ SALGADO

MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA
DELFIN BOO PAYO
DELFIN FIDALGO CARBALLO
FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO
MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ
MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO
MARINA SALGADO CARNERO
SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN
SERAFIN AUGUSTO DAMEA
YOLANDA DOMINGUEZ GALLEGO

A Presidencia declara aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día, adoptáronse os seguintes

A C O R D O S :

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 7 DE OUTUBRO E EXTRAORDINARIA DO 23 DE NOVIEMBRE DE 2015

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular ao borrador das actas das sesións de data 7 de outubro e 23 de novembro de 2015. Non se formula ningunha obxección, polo que as ditas actas apróbanse por unanimidade.

EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS NUM. 5/2015 CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA

Dáse lectura ao expediente núm. 5/2015, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado co remanente líquido da tesourería dispoñible procedente da liquidación do orzamento do exercicio 2014.

Dáse conta dos informes emitidos polo interventor e pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 27 de novembro de 2015, e que o expediente se tramita por razóns de necesidade e urxencia plenamente xustificadas, e está axustado aos preceptos legais vixentes.

O alcalde explica resumidamente para os que non estiveron presentes na Comisión Informativa do día 27 de novembro o porqué da adopción deste acordo, dicindo:

Con cargo ao remanente de tesourería poden ir os investimentos que sexan financeiramente



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

sostibles ou ben amortización de préstamos. Como préstamos non temos, podemos ir a investimentos financeiramente sostibles. Ao final do verán atopámonos con dous problemas, un aquí en Albarellos, co tema dos pozos, que nos quedabamos sen auga e houbo que facer esa obra de emerxencia. Despois tivemos o problema da depuración en Vilaza, do colector, que estabamos pendentes de que Augas de Galicia, a través da obra que anda facendo no polígono, resolverse o problema, ou os dous problemas que temos: temos no bombeo e témolo en Vilaza mesmo. Resulta que con esa obra non se vai facer nada do dito e Augas de Galicia comprométese, agora si, de verdade, a facer a obra do bombeo que está alí no Placer e o Concello comprometeuse a realizar a obra de Vilaza, que foi facer un aliviadoiro, é dicir, un aliviadoiro que evite que as pluviais entraran no colector xeral que vai ao polígono. Foron estas dúas obras que fixemos as que metemos con cargo a este remanente de tesourería.

O Pleno, por unanimidade, ACORDA aprobar inicialmente o expediente, co seguinte resumo:

Suplemento de crédito

PARTIDAS	CONCEPTO	IMPORTE
1532.609	Investimentos financeiramente sostibles	34.014,50
TOTAL:		34.014,50

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo ao remanente líquido da tesourería dispoñible da liquidación do orzamento anterior, polo que a operación queda nivelada e sen déficit inicial, e introdúcese no orzamento de ingresos a seguinte modificación:

CAPÍTULO	CONCEPTO	SUBCONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
8	87	870.00	Aplicación para financiamento	34.014,50 €

Ao ter que darlle ao expediente a tramitación á que alude o artigo 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 38 do Real decreto 500/1990, de no presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerárase este acordo como definitivo.

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM.6/2015, CON CARGO A PARTIDAS REDUCIBLES

Dáse lectura ao expediente núm. 6/2015, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado con cargo a partidas reducibles do orzamento vixente.

Dáse conta dos informes emitidos polo interventor e o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 27 de novembro de 2015.

O expediente tramítase por razóns de necesidade e urxencia plenamente xustificadas e está axustado aos preceptos legais vixentes.

O alcalde, ao ser este un asunto máis técnico, dálle a palabra ao secretario e este explica que este expediente vén en consonancia co anterior. Cando se fai o orzamento é moi difícil calcular exactamente o que se vai gastar nas partidas. Antes tiñamos o remanente de



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

tesourería e apenas utilizabamos esta figura económica financeira que eran os expedientes de modificación de créditos con cargo a partidas reducibles. Utilizábase o remanente de tesourería. Dende que aparece a Lei de sustentabilidade financeira quedou prohibido iso e o remanente de tesourería, como dixo o alcalde, só se pode dedicar a obras financeiramente sostibles e para amortizacións. Co cal agora andamos sumando onde sobra para ir pasando dunhas partidas a outras, sempre que a vinculación xurídica non poida actuar. Hai que ir sempre axustando. Despois tamén é moi importante co tema do teito de gasto e coa regra de gasto. Hai que gastar, non pasarse pero tampouco quedarse curto, porque se gastamos de menos o teito de gasto baixa, se gastamos de máis temos que ir a un plan financeiro de axuste e é un pouquiño complicado, pero é o noso traballo e para iso é para o que nos pagan.

O Pleno, por unanimidade, ACORDA aprobar inicialmente o expediente, co seguinte resumo:

Partida	Denominación	Importe en euros
1532.640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	2.584,50
161.210	Infraestruturas e bens naturais	6.297,71
241.143	Laboral temporal	2.500,00
341.221	Subministracións	839,70
TOTAL		12.221,91

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo a baixas de créditos das aplicacións orzamentarias seguintes:

Aplicacións orzamentarias	Créditos dispoñibles para minorar ou anular
241.131	4.721,91
241.212	2.500,00
912.231	1.500,00
941.451	3.500,00
TOTAL	12.221,91 €

Ao ter que darlle ao expediente a tramitación á que alude o artigo 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 38 do Real decreto 500/1990, de no presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerárase este acordo como definitivo.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2016

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2016 polo alcalde deste concello.

Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 167, 168, 169 e concordantes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

reguladora das facendas locais, e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

A continuación o secretario fai un resumo do orzamento.

Explica o secretario que nas transferencias de capital unicamente se prevé o tema da Deputación Provincial, que é o único que temos aprobado, pero ao longo do exercicio, a Xunta de Galicia e incluso a Deputación Provincial darannos e utilízase outra técnica contable que é a incorporación de subvencións ao orzamento. Loxicamente, continúa, o orzamento empézase nuns 1.558.000 euros e acábase dependendo das subvencións que teñamos.

Dáse conta da memoria da Alcaldía.

Aclara tamén o secretario que no anexo de investimentos, como xa dixo anteriormente, prevese que tanto a Xunta como a Deputación nos dean máis cartos, que se incorporarán a través dos expedientes de modificación de créditos con cargo a subvencións.

Dáse conta tamén das bases de execución, do informe económico financeiro, do anexo de persoal, e demais documentos do expediente, dos cales xa se lle entregaron copia aos concelleiros.

Visto o informe emitido pola Intervención e o ditame da comisión competente, ambos os dous en sentido favorable, comeza o correspondente debate e prodúcese as seguintes intervencións:

1. De Alberto Rodríguez García, portavoz do BNG, que di:

Baseándome na documentación entregada, o BNG, aínda que non está de acordo con algunha partida económica, ve que é un orzamento que non ten partidas destinadas a pagar débedas doutros anos anteriores. Cumpre basicamente co 30% da partida destinada a gastos de persoal e cumpre as regras básicas marcadas pola lei. Por este motivo, vou votar a favor do orzamento.

2. De M^a del Carmen Sola Pérez, voceira do Grupo Veciños de Monterrei, que lle entrega unha copia da súa intervención ao secretario, e di:

O Grupo Veciños de Monterrei vai votar en contra do orzamento para o ano 2016 polos seguintes motivos:

1) Para que exista unha verdadeira transparencia democrática vostedes deberían ternos facilitado os orzamentos coa suficiente antelación para podelos analizar ben. Este é un dos plenos máis importantes para os intereses dos veciños deste concello e nós, como representantes legais deles, apenas tivemos tempos de estudalos en profundidade. Estes orzamentos déronnoslos 5 minutos antes de ter lugar a comisión informativa de contas. Estivemos no Concello o luns (no Pleno extraordinario para o sorteo das mesas electorais) e non nolos deron. A convocatoria da comisión de contas aínda foi ao día seguinte.

2) Parece mentira que agora, despois de trinta e pico anos do seu grupo no poder, se dean conta de que o rural se despoboa e que hai que porlle remedio. Que fixeron pois, durante todos estes anos?



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Teñen contratados un técnico de emprego desde o 2006 e un orientador laboral desde o 2011. En que se notou isto? Que medidas se puxeron en marcha para crear emprego?

3) O gasto en persoal representa o 39,53% do orzamento. Non lle parece esaxerado? Algunha vez se pararon a contar os empregados que teñen en comparación con outros concellos?

No orzamento que nos entregaron non especifican a contía das subvencións que recibe o Concello por cada traballador. Existen estas subvencións? Por que non se especifican?

Despois de pedir en varias ocasións unha relación de postos de traballo entregáronnos esta lista. ...Que se están a rir de nós?

Esta lista que apenas detalla nada, non coincide plenamente co que poñen os orzamentos...segundo o anexo de persoal hai un auxiliar de oficina con función en tarefas do Museo do Viño. Pódeme dicir o nome desta persoa? Porque eu pasei por alí e o museo está pechado desde non se sabe cando.

4) O pagamento de xx euros por fillo está moi ben pero pode alimentar a picaresca. Esperamos que poñan unha serie de condicións serias para evitar que a xente se cense no noso concello pero siga a vivir en Verín.

O noso grupo pensa que hai outros métodos para fomentar o asentamento de xente nova no rural. Hai que incentivar o emprego estimulando sectores punteiros como a viticultura, o turismo rural, a riqueza forestal, promovendo o cooperativismo entre os mozos, como están a facer noutros concellos (como a Pobra de Trives, coa primeira cooperativa rural de turismo de Galicia).

E hai que incentivar axudas para que os mozos rehabiliten vivendas no rural, xa que é a única forma de que queden a vivir alí.

Tamén se podería crear un P.A.I. (punto de atención á infancia), como teñen no Concello de Riós (financiado con axuda da Deputación), que axude á conciliación familiar e laboral mentras os nenos non empezan a etapa escolar.

5) Con estes orzamentos pensamos que se lles escapa unha oportunidade de por en valor a gran riqueza patrimonial do noso concello, que sen dúbida sería unha fonte xeradora de ingresos.

Neste concello non existe a máis mínima promoción do turismo, nin do coidado do patrimonio. Outros concellos, coma o de Cualedro, invisten todos os anos unha partida dos orzamentos para a recuperación do patrimonio (escavacións e limpeza no Castro da Saceda nos últimos meses).

Aquí temos a necrópole de Medeiros dando noxo, debaixo dun pendello de bloques e uralita. e o conxunto medieval de Monterrei...Que fixeron todos estes anos para evitar que fose unha pocilga?, como vostede dixo...

A igrexa de Flariz e a de Mixós son unhas verdadeiras xoias infravaloradas. Pero non, neste grupo de goberno que é o seu, a sensibilidade polo patrimonio é nula. Chega con ver a última actuacións que fixeron na fonte da Caridade.

6) Deberían aumentar a axuda a domicilio, pois a moita xente maior non se lle cubren todas as horas que teñen concedidas pola Xunta.

7) Deberían reducir o IBI urbana. Si de verdade queren que os veciños sigan a vivir no rural, non poden pagar tanto por unha casa na aldea coma se fose en Verín ou mesmo en Ourense.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

E non digan que é só cousa do catastro, pois hai unha ponencia provincial onde o valoran todos os alcaldes, e se teñen que protestar para que o reduzan, pois hai que protestar.

8) E para rematar, dicir que tamén nos parece esaxerado o gasto en teléfono, axudas de custo e locomoción.

3. Intervén agora o alcalde, para dicir:

Por parte do Grupo Popular, loxicamente, estamos a favor dos orzamentos porque fomos nós os que os elaboramos.

En primeiro lugar quero agradecer a postura do BNG neste punto, sempre dun xeito construtivo e velando polos intereses xerais do noso concello, que en definitiva é para o que nos elixiron os veciños.

Con relación ao que manifestou a portavoz do Grupo Veciños de Monterrei, primeiro vou facer un resumo xeral do que é a nosa proposta.

Eu penso que vostedes aínda non se enteraron do que trata o orzamento.

Sen lugar a dúbidas, o orzamento é o principal documento que dá vida ao funcionamento deste Concello, pero os orzamentos son cada vez máis técnicos e pouco se pode facer de política neles, por moito que vostedes digan. E, nese apartado no que podemos facer política, este grupo Popular, moi a pesar seu, si que se decantou por unha política social efectiva e realista.

Os gastos, como lles dicía, son fixos, son os que son, e sobre iso non se pode facer absolutamente nada. Nós imos ir menos polo cemento e máis pola política social, fundamentalmente no fomento do emprego e na adopción de medidas que eviten a despoboación. Trátase non xa de incrementar poboación, senón de manter a que temos.

Din vostedes que levamos trinta anos de goberno popular aquí no Concello e que nos demos conta agora deste problema. Efectivamente, nós non nos demos conta deste problema agora, dámonos conta que é un problema que vén de atrás. As nosas aldeas tiñan unha serie de necesidades básicas que fomos cubrindo. Durante estes anos fomos cubrindo servizos básicos que non tiñan os nosos veciños e agora xorde este problema, que non é soamente do noso concello, senon que todos os concellos do rural estamos co mesmo problema, e todos están tomando medidas. Os obxectivos e medidas que imos tomar son unha política activa de incremento da natalidade, onde non vai haber nin trampa nin cartón, non o dubide. Imos facer unhas bases de concorrência competitiva onde todo o mundo poida acceder en condicións de igualdade, diso que que non lle caiba a menor dúbida, e logo, a maiores, faremos programas educativos complementarios que fomenten a igualdade de oportunidades entre os máis pequenos, que é o que nos fai falta, e seguiremos coas políticas activas de fomento do emprego.

Temos unha partida específica no orzamento para o fomento do emprego e seguiremos participando nos diferentes programas dos obradoiros de emprego e nos de formación dual que nos ofrece a Xunta de Galicia. Oíndoa a vostede parece que o Concello de Monterrei está alleo totalmente a esas subvencións, cando o Concello de Monterrei vén de participar activamente.

Despois, no orzamento van unha serie de partidas globais, xenéricas que non reflicten o que é a realidade de actuación do noso Concello.

E xa lles digo, durante o 2016 imos elaborar o Plan Parcial do futuro polígono industrial e que se vai facer a carón do Polígono Industrial de Pazos. Moi a pesar seu, imos facer ese polígono industrial e niso imos poñer todo o noso empeño para que sexa unha realidade a



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

partir do 2016. Pero xa con cousas concretas, aquí non é falar de filosofía e de ciencia ficción. Elaboraremos un plan específico para o sector vitivinícola, iso levábamolo no noso programa e imos facelo no 2016, que non lles caiba a menor dúbida. Ese plan vitivinícola non o podemos reflectir no orzamento porque é un plan que imos facer en colaboración con outras administracións e hai unha partida global onde proxectos que hai cofinanciados con outras administracións, a parte nosa, a parte do Concello, está contemplada xa nesa partida global. Daremos tamén os primeiros pasos para a posta en valor do Balneario de Requeixo. Que non lle caiba a menor dúbida tamén que a partir do 2016 imos dar os primeiros pasos para tratar de incorporalo ao noso patrimonio municipal, para que o Balneario de Requeixo sexa de todos os veciños de Monterrei.

Continuaremos mellorando as infraestruturas básicas, abastecementos, sumidoiros, depuracións de augas, estradas, iluminación pública, como é o noso deber e levamos facendo así durante todos estes anos.

E seguiremos mellorando os equipamentos sociais nas aldeas. Durante do 2016, xa lles pode dicir, faremos o que é o Centro Social de San Cristovo. Con esa vivenda que adquiriu o pobo e lle cedeu ao Concello. Durante o 2016 faremos ese centro social que creo que os veciños de San Cristovo se merecen.

E, por último, a Fortaleza de Monterrei terá loxicamente un protagonismo na actuación do noso Concello. Por que non actuamos e non vimos esa oportunidade que tiña o Castelo de Monterrei? Ata o de agora, teño que dicilo, todas as administracións tiñan abandonada a Fortaleza de Monterrei e o Concello de Monterrei, por si só, non é capaz de acometer todo o investimento necesario para levar a cabo alí. Agora que vemos que hai unha actuación da Xunta que, nos guste ou non nos guste, é certo que está aí, nós, o Concello de Monterrei, podemos colaborar agora coa Xunta de Galicia, xa nos comprometemos, no que é a conservación e limpeza do contorno do Castelo de Monterrei. Durante o 2016 o Concello de Monterrei comprométese a ter unha brigada alí para manter o contorno como é debido. Non é normal na situación na que se atopa e é certo que o facemos porque vemos que as outras administracións están implicadas no Castelo de Monterrei. Ata o de agora, as outras administracións, o Castelo de Monterrei, por desgraza, non o vían coma unha oportunidade.

E tamén faremos un punto de información turística municipal, que foi o que xa dixemos nalgunhas ocasións.

En definitiva, son uns orzamentos realistas. É o cesto que nos permite facer os vímbios dos que dispoñemos. Non dispoñemos doutros vímbios. E son uns orzamentos máis sociais e que perseguen a igualdade de oportunidades de todos e para todos.

En definitiva, agradecerlle ao BNG a súa posición e aos Veciños de Monterrei, responderlle neste senso.

Despois, hai unha serie de solicitudes de información que piden aquí sobre os orzamentos, que son feitos cando son feitos, e entregados no punto e hora no que son entregados, non podemos facer outra cousa.

Toma de novoa a palabra a voceira do Grupo Veciños de Monterrei e pregunta:
Pódeme dicir o nome da persoa que fai as tarefas do Museo do Viño?

Ao que lle responde o alcalde:

Marcos Meno Méndez.

O Museo do Viño foi feito hai anos cunha subvención que nos concederon e foi contratado para alí. Como o Museo do Viño está como está, eu recoñezo que está nunha situación de abandono. O ideal sería que o Museo do Viño sexa trasladado para a fortaleza de Monterrei.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Esa persoa que estaba contratada alí veu para aquí, para o Concello, e así estamos, estamos baixo mínimos. O número de persoal que din, eu creo que estamos nunha ratio semellante ao resto dos concellos, non somos distintos, nin máis nin menos que outros concellos. Máis ou menos en canto ao número do persoal é o que é. E movémonos nunhas porcentaxes do 39,53% de gastos do capítulo 1 porque este ano hai que incrementar o 1%, hai que pagarlle os trienios que non se lle estaban pagando ao persoal e sobe un pouquiño pero fundamentalmente vense movendo entre un 35% e un 36%, que é o que se move o capítulo 1 e é semellante ao resto dos concellos.

Toma a palabra a voceira do Grupo Veciños de Monterrei e di:

Ben, eu compároo por exemplo co Concello de Riós e o Paulino sabe que estivo traballando alí.

O secretario di que só estivo quince días.

O alcalde retoma a palabra e di:

- Ben, imos ver, a envexa é..., en Cualedro actúan en determinados temas dende o punto de vista arqueolóxico e demais. Ben, pois nós tamén temos aí proxectos que estamos pendentes que se leven a cabo. Saben vostedes que Martín Codax está pendente en Medeiros de facer o tema dos lagares, e agora o tema da necrópole tamén lle imos dar vida a través de Xeitura, que van facer alí tamén un proxecto piloto no que van vir rapaces de toda Europa a estar 15 días aquí en Medeiros; unha especie de campo arqueolóxico. Quérolle dicir con isto que nós tamén facemos cousas, non estamos quietos.

A voceira do Grupo Veciños de Monterrei, engade:

- Martín Códax vai facer no Castro da Cidá. Esperemos que primen, se van contratar xente á hora de facer as limpeza, que teñan en conta a xente do concello.

O alcalde de novo di:

Se contratan será un problema deles. Nós aí ao que nos comprometemos é a manterlle rozada a zona. Despois eles contratarán, pero xa é unha cousa deles.

Toma a continuación a palabra o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, e di:

Eu polo que estiven vendo nos orzamentos...

Interrompe o alcalde ao concelleiro para dicirlle:

Imos ver, Javier, se me permites, aquí non se trata de que cada representante de Veciños de Monterrei interveña. Eu creo que a postura de Veciños de Monterrei quedou clara coa intervención da voceira e non podemos facer que cada concelleiro de cada grupo interveña nos puntos porque senon isto...

O concelleiro respóndelle:

Pero é un pouco en relación ao que estivo contestando agora.

Ao que lle di o alcalde:

Pero terá que contestar a que está defendendo a postura, a súa posición.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

O concelleiro, Francisco Javier Limia, de novo, di:
Eu creo que calquera concelleiro podería contestar.

O alcalde replicalle:

Imos ver, en principio, ten que defender o punto a persoa que o defende dende un principio. Por parte do Grupo Popular a portavoz é Rosa e queda un pouco solapada coa miña intervención, Alberto fala polo BNG e por vostedes ten que falar unha persoa. Non pode ser que falen os tres nun mesmo punto.

A continuación sometese o asunto a votación e o Pleno, por oito votos a favor do Grupo Popular e BNG e tres en contra do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2016, sendo as previsións que contén, tanto no seu estado de ingresos como no seu estado de gastos, as que figuran no seguinte resumo por capítulos:

Estado de ingresos:

Cap. 1	Impostos directos	356.000,00
Cap. 2	Impostos indirectos	0,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	213.600,00
Cap. 4	Transferencias correntes	937.132,98
Cap. 5	Ingresos Patrimoniais	235,00
Cap. 6	Alleamento de investimentos reais	0,00
Cap. 7	Transferencias de capital	52.000,00
Cap. 8	Activos financeiros.	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
Total ingresos:		1.558.967,98

Estado de gastos:

Cap. 1	Gastos de persoal	616.268,64
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	581.142,00
Cap. 3	Gastos financeiros	300,00
Cap. 4	Transferencias correntes	226.206,63
Cap. 6	Investimentos reais	135.050,71
Cap. 7	Transferencias de capital	0,00
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
Total gastos:		1.558.967,98



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32818 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Segundo.- Aprobar as bases de execución do orzamento.

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal para o exercicio de 2016, quedando configurado da seguinte forma, estruturada coas esixencias do RD 781/86:

1.- Funcionarios de carreira:

A.- Escala de habilitación nacional:

a).- Subescala de Secretaría-Intervención: Unha praza de secretario-interventor, integrada no grupo A1, desempeñada en propiedade por Paulino Fernández Salgado, mediante a agrupación co Concello de Cualedro.

B.- Escala de Administración xeral:

a).- Unha praza de administrativo de administración xeral, integrada no grupo C1, desempeñada en propiedade por Carlos Francisco González Álvarez.

2.- Persoal laboral:

No cadro laboral, no apartado de persoal temporal hai:

- Dúas prazas de operarios de servizos varios.
- Once prazas de auxiliares de axuda no fogar.
- Unha praza de auxiliar de biblioteca.
- Unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local.
- Unha praza de coordinadora de axuda no fogar.
- Unha praza de auxiliar de oficina para a atención do Museo do Viño.
- Unha praza de arquitecta técnica en agrupación co Concello de Cualedro.
- Dúas prazas de operario de tractor en agrupación co Concello de Cualedro.
- Dúas prazas de limpadoras.
- Unha praza de orientador laboral.

No apartado de persoal laboral fixo hai:

- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, información xuvenil e notificacións, desempeñada por José Manuel Losada Martínez, asimilada ao grupo C2.
- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, tarefas administrativas e secretaría do Xulgado de Paz, desempeñada por José Luis Gómez Palomanes, asimilada ao grupo C2.
- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, tarefas na Secretaría e Facenda, desempeñada por M^a del Pilar Zarraquiños Novelle, asimilada ao grupo C2.

Non hai oferta de emprego para o ano 2016.

As retribucións básicas e complementarias de carácter fixo do persoal funcionario e laboral experimentarán un incremento do 1% respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2015, de acordo co disposto nos Orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2016.

Cuarto.- Que se expoña ao público por espazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ao estipulado no artigo 169 do citado RDL 2/2004.

Quinto.- Facer constar expresamente que se non se producen reclamacións ou alegacións contra o contido do orzamento municipal para 2016 aprobado, este acordo de aprobación inicial pasará a ter a consideración de acordo de aprobación definitiva, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 169 do devandido RDL 2/2004 e, a continuación, publicarase



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

resumido por capítulos no BOP e enviaránselle copias á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2015

O alcalde dá conta aos asistentes que con data 27 de outubro de 2015 informouse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do período medio de pagamento correspondente ao terceiro trimestre do 2015, de conformidade co artigo 4.1.b da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

O detalle do informe é o seguinte:

Importe de pagamentos realizados; 182.156,35 €

Importe de pagamentos pendentes: 105.512,91 €

Periodo medio de pagamento: 0,09 días.

O Pleno dáse por informado.

RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE OUTUBRO DE 2015 POLO QUE O CONCELLO SE ADHIRE AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

O alcalde dá conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, o 14 de outubro de 2015, o cal é do seguinte teor literal:

"Dáse conta do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, aprobado polo Pleno da Deputación o día 25 de setembro de 2015.

O dito convenio asínase coa finalidade de garantir o pleno cumprimento do establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As accións de cooperación provincial na dita materia reguladas neste convenio son as seguintes:

a) Cooperación para o cumprimento das obrigas de publicidade activa das entidades locais, mediante a encomenda de xestión á Deputación, e realizárase a dita publicidade a través do Portal de Transparencia de Ourense.

b) Prestación de asistencia xurídica e administrativa para a tramitación dos expedientes de solicitudes de acceso á información pública.

Estas accións terán carácter gratuíto para as entidades locais adheridas.

Con base no anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro. Aprobación da adhesión do Concello de Monterrei ao Convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Segundo. Transferirille á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos termos previstos no dito convenio.

Terceiro. Designar como persoa responsable da execución do convenio a Paulino Fernández Salgado, secretario do Concello. No entanto o anterior, facúltase expresamente ao alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, do que se dará conta ao Pleno".

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación do 27 de novembro de 2015.

De seguido, toma a palabra a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola, e di:

- Podo facer unha pregunta? Quen é a persoa designada do Concello?

Ao que lle responde o secretario:

- Son eu. Pode xerar un pouco de confusión. O alcalde, se eu non podo ir, dita un decreto e vai outra persoa, o Carlos ou quen sexa, e hai que dar conta ao Pleno. O que pasa é que dá a sensación ao lelo de que o substitúe o alcalde.

O alcalde preguntálle aos representantes dos grupos políticos se teñen copia do convenio, ao que estes lles responden que si.

O alcalde aclara:

Hai unha serie de obrigas. Aquí tamén vexo que a Deputación di que o pon en funcionamento a partir do 10 de decembro o portal de transparencia, ben, non sei eu se estará.

Toma a palabra o secretario e di:

Tamén hai que ter en conta a nova Lei de procedemento administrativo e a nova Lei de réxime xurídico, que aínda non entraron en vigor, que están publicadas e van xerar moitos problemas.

A continuación, o Pleno, por unanimidade, ACORDA ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de outubro de 2015 sobre a adhesión do Concello de Monterrei ao Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI SOBRE O INVENTARIO E A CLAUSURA DE DIVERSOS VERTEDOIROIS ILEGAIS

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre o inventario e a clausura de diversos vertedoiros ilegais, a cal é do seguinte teor:

" O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN: Que sexan inventariados e clausurados os vertedoiros ilegais repartidos polo concello.

Segundo mostramos nas fotos adxuntas, queremos informar ao Concello que existen, dende



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

hai tempo, dous vertedoiros ilegais en San Cristovo.

Solicitamos pois a consideración do Pleno para que sexan limpados e clausurados e así mesmo que se proceda a inventariar o resto dos vertedoiros ilegais do concello para proceder igualmente á súa clausura".

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vivenda, Servizos e Obras Públicas do 27 de novembro de 2015.

Toma a palabra o concelleiro do BNG, Alberto Rodríguez García para dicir que el vai votar a favor.

Toma a palabra o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia, e di, dirixíndose ao alcalde:

Que se teña en conta, non sei se ten algo que dicir.

O alcalde indica:

Esta moción reflicte a falta de coñecemento por parte de vostedes de todo o que levamos feito deste tema. Eu creo que con preguntar nos diferentes plenos que temos tido sería suficiente. Pásolle a enumerar as diferentes actuacións que fixemos durante este exercicio nun plan de limpeza e clausura de vertedoiros incontrolados. As datas de realización dos traballos foron de xuño a xullo de 2015. A empresa adxudicataria foi Seaga. Realización de vertedoiros xestionados:

- Salgueira-Albarellos. O Poulón. Gran vertedoiro a carón da estrada Albarellos-Medeiros, baixo os repetidores de telefonía.
- Flariz. Outeiro Valente e Outeiro dos Muíños. Cascallos de obra e lixo urbano moi disperso.
- Sandín. O Garrido. Gran de pequenos puntos de vertidos espaxados ao longo de varios quilómetros de pista.
- A Caridade. Cruceiro. Entullos á saída do núcleo en dirección Flariz.
- Infesta. A Quinta. Entullos situados nunha parcela de propiedade comunal.
- Guimarei. Campo de fútbol, fronte á Paella. Canteira entullos, lixo urbano, principalmente electrodomésticos, probablemente restos do aproveitamento de metais para a súa venda ao peso.
- Albarellos. Portela de Linares. Residuos dunha pirotecnia próxima ao lugar.

Ademais destes traballos realizados pola empresa Seaga, e financiados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, o Concello de Monterrei, empregando medios propios, a través da brigada de Formación Dual, retirou vertidos nos seguintes puntos:

- A Revolta Grande, en Guimarei.
- A estrada Medeiros-San Cristovo.
- A estrada Flariz-A Madanela.
- Outeiro da Aciñeira, en Medeiros.

No ano 2016 continuaremos con esas actuacións e non só está o exemplo de San Cristovo que vostedes mostran, senon tamén en Medeiros. Estamos pendentes porque a subvención de Medio Ambiente rematou e no próximo exercicio, cando sexa, farémolo.

Proceder a inventariar os vertedoiros ilegais é unha tarefa difícil e complicada porque calquera desalmado pode verter en calquera sitio e saír facilmente impune. Como controlamos iso?



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Para calquera persoa é moi fácil botar unha televisión en calquera sitio. É difícil de facer e de controlar. Por exemplo, no vertedoiro que se recuperou aquí, subindo cara a Salgueira, eu xa detectei que hai entullos de obra a carón diso. Como controlas iso?. Depois temos o caso particular de Infesta, que xa non querían que se lle recuperase o sitio do vertedoiro ilegal porque dicían que era un terreo comunal e que eles o tiñan para xestionar eles ese vertedoiro ilegal. Ata ese punto chegamos, de atoparnos cunha xunta de montes que nos di que nós non podemos actuar aí, fíxense na irresponsabilidade desa xente, porque iso é deles e que eles xestionarán os vertidos.

En consecuencia, o noso grupo vai votar en contra da moción polos motivos sinalados, que xa está previsto que no 2016 se continúe con ese plan de limpeza e clausura de vertedoiros e o inventariado deles é unha tarefa de moi difícil realización.

Toma a palabra o secretario e di:

Perdoade, eu levo aquí xa moitos anos e a min gustárame que algunha vez o Seprona ou a Policía Autonómica, en vez de mandarnos as fotos cos vertedoiros, que colleran a alguén botando o lixo. Nunca, en trinta anos, tivemos unha denuncia da Garda Civil nin da Policía dicindo que tal persoa se pillou botando. En San Cristovo, haberá sete ou oito anos, ese vertedoiro limpouse e clausurouse. En Medeiros, outro que había alí grandísimo. É terrible. Únicamente se collemos unha estaca.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, e di:

Eu creo que non é cuestión de coller estacas, nin moito menos. Agora mesmo, cando estaba facendo a relación de vertedoiros que se tiñan recollido falaba de un que era de material pirotécnico cerca dunha pirotecnia e creo que Seprona, en vez de vir Seprona coa foto, se é o Concello ó que lle leva a foto a Seprona, igual é esta a que ten que actuar neste caso. E non estou falando en contra da pirotecnia, nin moito menos.

E que moitas veces é cuestión de non chamar e meter as cousas por escrito. Xa sei que ás veces lle molesta pero ben, nós estamos acostumbrados a facelo así e eu teño por experiencia que o que se mete por escrito, porque ninguén pode dicir é que non mo dixeron ou non me enterou. Pero a parte disto, nas aldeas, hai moitos anos, eu non sei se vostede se lembra disto e creo que de aquí hai xente que se lembra que se puñan uns colectores porque eu recoñezo que é moi complicado. Dende Medeiros, dende San Cristovo, desde Estevesiños, os nosos avós o que lles podía pasar é que non tiñan coche e tiñan que traer ao punto limpo a Verín a traer unha lavadora.

Apunta o alcalde:

Temos ese servizo. Temos o servizo do punto limpo móbil, que ti chamas aquí ao Concello e nós chamamos á empresa e vaicho recoller.

Ao que volve dicir o concelleiro de Veciños de Monterrei:

Hai uns anos o que se facía era poñer un colector nas aldeas. Porque eu lémbrome que os meus avós levaron alí cousas. Púxose un colector, a xente deixou o que tiña que deixar e despois o Concello, naquel momento creo que era o servizo do lixo que o facía, traíao ao punto limpo e deixábao alí. A min paréceme que nin é excesivamente caro e é un diñeiro que o Concello non poida sufragar, que non sería excesivamente caro e que si faría moito para que os veciños, polo menos a nivel de electrodomésticos, utensilios non os tivesen que tirar



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

no monte.

Dille de novo o alcalde:
Ese servizo xa existe.

Apunta o concelleiro Limia Feijoo:

Independentemente disto, a xente non chama. Eu lembrome que en Estevesiños que xa había contedores de lixo e a xente ía tirar o lixo ao pozo da mina. Todo iso é de concienciar á xente. No momento que se puxo o colector que se puxo en Estevesiños, onda o teleclub, en nada de tempo estaba cheo. Estamos a falar de hai moito tempo. Estamos a falar de cando a miña avoa, ía tirar ao pozo da mina en vez de tirar ao colector. Houbo un momento no que á miña avoa a fixemos entrar en razón e o lixo o tiraba ao contedor. Pois desta mesma maneira se pode concienciar á xente. E os residuos das obras non son particulares, son empresas.

Engade o alcalde:

Os residuos de obras de pequena construción, a reforma dun baño, eses residuos poden ir directamente ao punto limpo, recóllenos no punto limpo que temos en Verín.

Ao que Francisco Javier Limia di:

Pero imos ver, os residuos de obras, se é un particular pódenos levar ao punto limpo pero se é unha empresa xa non os pode levar.

Reincide o alcalde:

Pero, estoulle dicindo, cando son pequenas reformas o contratista pode ir ao punto limpo e deixar eses pequenos residuos de obras. O tema do residuo de inertes xa para volume maior de residuos da construción, que isto si que, efectivamente, na comarca estamos deficitarios nesa infraestrutura que nos fai falta.

Ao que o concelleiro di:

Pero iso xa non é deste concello, é en tal caso a nivel comarcal.

E, por último, di o alcalde:

Pero dígolle que eses residuos de entullos que saen dunhas pequenas reformas na casa, pódense levar perfectamente ao punto limpo e no punto limpo recóllenos. O que non é normal é que o tiren.

A continuación sométese a moción a votación e o Pleno, por catro votos a favor do Grupo de Veciños de Monterrei e o BNG e sete votos en contra do Grupo Popular, ACORDA rexeitar a moción do Grupo Veciños de Monterrei.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI SOBRE A AMPLIACIÓN E REPARACIÓN DA ESTRADA OU-1060 ENTRE A MADANELA E FLARIZ

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre a ampliación e reparación da estrada OU-1060 entre A Madanela e Flariz, a cal é do seguinte teor:

"O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN: Que o grupo de goberno realice os trámites necesarios para que se proceda á ampliación e reparación da estrada OU-1060 entre A Madanela e Flariz. Solicitamos pois a consideración do Pleno para que se proceda a realizar os trámites



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

necesarios e se proceda á ampliación e reparación da estrada OU-1060 entre A Madanela e Flariz".

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vivenda, Servizos e Obras Públicas do 27 de novembro de 2015.

O concelleiro do BNG di que el vai votar a favor.

O concelleiro do Grupo municipal Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, apunta: O Grupo Veciños de Monterrei solicita que dentro dos Plans Provinciais se arranxe esta estrada.

Toma a palabra o alcalde para dicir:

Dende o Grupo Popular queremos sinalar que a OU-1060 é unha vía provincial, polo tanto a súa conservación e mantemento é competencia da Deputación Provincial. Trátase dunha das sete vías provinciais que pasan polo noso concello e que en liñas xerais están en bo estado de conservación e explotación. Isto non é obstáculo para sinalar que en puntos determinados estas vías precisan dunha reforma, tanto no relativo ao trazado como sinalización e estado do firme. Dende o Concello xa se teñen realizado estas peticións, ben dun xeito verbal ou por escrito, como recentemente se fixo, solicitando que se pintase a estrada que vai de Albarellos a Medeiros, a OU-1015, de todas as vías provinciais que presentan problemas. A Deputación provincial, consciente destas problemática, ten gastado nestes últimos anos cantidades importantes de diñeiro nas reparacións das nosas vías provinciais a través dos plans anuais da rede viaria provincial. Os recursos son os que son, escasos e limitados neste caso e a Deputación Provincial o criterio que adopta para actuar nunha vía provincial ou noutra é a densidade de tráfico e neste punto a situación é a seguinte:

Esta táboa representa todas as estradas da nosa comarca e en vermello están as sete estradas que atravesan o noso concello. De todas as da comarca a que máis tránsito ten é a de Verín-Oímbra, cun tráfico elevado, preto dos 1.800 vehículos diarios, entre lixeiros e pesados. E a continuación a estrada que máis tráfico ten é Verín-Arcucelos con preto de 1.400 vehículos diarios. A Deputación, á vista destes datos, loxicamente, actúa onde hai maior densidade de tráfico e nestes últimos anos está actuando tamén na estrada que vai de Verín ao balneario de Requeixo, que é a seguinte polo número de tráfico e a seguinte é Albarellos-Medeiros, que coido que basicamente son as tres vías principais de densidade de tráfico. A estrada que vai de Flariz á Madanela ten unha densidade de tráfico cercana aos 300 vehículos de tráfico diarios. Loxicamente a Deputación, onde gasta diñeiro é nestas vías con maior densidade de tráfico e así o fai e recentemente acabamos de ver que agora na estrada de Estevesiños botouse preto dun quilómetro de aglomerado en quente coa sinalización correspondente e eu creo que aí está quedando unha vía en condicións e tamén nestes últimos anos na estrada que vai de Verín ao Balneario de Requeixo. Vén gastando uns 100.000 € todos os anos a Deputación no que é a rede viaria do noso concello. Pero é que a maiores deses plans pois tamén temos gastado nas vías provinciais, por exemplo na estrada que vai de Medeiros a San Cristovo hai alí un problema á altura de Flariz con un muro e agora xa están orzamentados cerca de 14.000 € para tratar de arranxar ese problema.

En consecuencia, o noso grupo vai votar en contra da moción porque, primeiro, non é unha vía municipal e, en segundo lugar, porque o Concello xa se encarga de trasladar á Deputación a problemática das vías provinciais no seu territorio, non só desta vía, a OU-1060, senon de todas elas.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

O concelleiro Limia Feijoo di:

É curioso que diga que se encargan e que sen embargo que voten en contra.

Ao que o alcalde lle di:

E que estamos niso, non só da estrada da Madanela, senon de todas as vías provinciais. Por iso votamos en contra da moción porque non é que esteamos en contra do arranxo da estrada que vai de Flariz á Madanela, senón que estamos na posición de nós xa lle esiximos á Deputación que nos arranxe todas as vías do noso concello.

O Pleno, por catro votos a favor do Grupo de Veciños de Monterrei e o BNG e sete votos en contra do Grupo Popular, ACORDA rexeitar a moción do Grupo Veciños de Monterrei.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI SOBRE O ARRANXO DAS BEIRARRÚAS NA RÚA PROGRESO, EN ALBARELLOS

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre o arranxo das beirarrúas na rúa Progreso de Albarellos, a cal é do seguinte teor:

" O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN: Arranxo das beirarrúas na rúa Progreso de Albarellos. Solicitamos a consideración do Pleno para que se proceda ao arranxo das beirarrúas na rúa Progreso de Albarellos".

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vivenda, Servizos e Obras Públicas do 27 de novembro de 2015.

Toma a palabra o voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, e di:

Eu vou votar a favor, dado que foi unha solicitude que fixen eu xa fai uns meses, a ver se logramos que se arranxen xa as beirarrúas.

Francisco Javier Limia Feijoo, concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, fai o seguinte comentario:

Un comentario. A parte de que está levantada en moitos lugares, hai unha zona agora mesmo que dende marzo están as lousas apoiadas contra a parede. Agora cando baixen poden velo, por onde a casa do Gonzalo. Non vai pasar nada ata que un día unha persoa maior tropece e rompa unha perna.

Toma agora o alcalde para dicir:

Con relación a esta moción, nisto si que estamos de acordo que as beirarrúas aquí en Albarellos están en mal estado. Nisto non podemos estar en desacordo, loxicamente, é unha realidade. No que xa non estamos de acordo é que teña que ser o Concello quen teña que asumir integramente esta obra. É unha obra custosa economicamente e difícil tecnicamente de realizar. Como consideramos na anterior moción, a estrada é de competencia autonómica e terá que ser a Xunta a que deba proceder a realizala. Así foi solicitado xa á Consellería de Infraestruturas no seu momento. Dende a Consellería enseguida nos alegou que "balóns fóra" e que as beirarrúas son unha competencia municipal. Nós, neste punto, temos dúbidas xurídicas de que a competencia sexa municipal. Pediremos os informes técnicos correspondentes e, se é municipal, teremos que acometer a obra nun plan a varios anos para reformalas.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

En consecuencia, imos votar en contra desta moción, aínda que estamos de acordo en que é necesaria esa reforma pero tendo en conta que o Concello xa realizou esa petición á Consellería e estamos á espera da resposta e non nos imos precipitar en adoptar un acordo no que o Concello arranxe estas beirarrúas, cando, se podemos ter esta obra que sexa financiada pola Xunta de Galicia, pois, mellor que mellor.

Di o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia:

diciu que xa se lle tiña pedido á Xunta de Galicia e a Xunta lle dixo que as beirarrúas eran municipais e que ían pedir un informe xurídico.

Ao que lle aclara o alcalde:

Nós temos dúbidas de que iso sexa así e imos pedir un informe, en concreto á Deputación, que nos diga se, efectivamente, as beirarrúas son municipais ou corresponden ao titular da estrada. Eu entendo que, á vista da lexislación, da Lei de estradas de Galicia, que esas beirarrúas son competencia da Xunta de Galicia. En consecuencia, se son competencia da Xunta de Galicia, terá que a Xunta de Galicia afrontar esa obra, independentemente de que o Concello poida colaborar en máis ou menos. O que está claro é que nós esta obra, só polo Concello, non podemos afrontala.

Pregunta o concelleiro de Veciños:

O do informe xurídico de canto tempo estamos a falar. Quero dicir, dende cando a Xunta dixo que era competencia do Concello?

Respóndelle o alcalde:

Foi na última reunión que tivemos coa conselleira de Infraestruturas. Unha das peticións que lle levabamos era esta. Que tamén o pedira o BNG, Alberto.

Limia Feijoo pregunta:

Iso foi antes de que estivesemos nós?

Respóndelle o alcalde e Alberto Rodríguez:

Si.

O Pleno, por catro votos a favor do Grupo de Veciños de Monterrei e o BNG e sete votos en contra do Grupo Popular, ACORDA rexeitar a moción do Grupo Veciños de Monterrei.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI SOBRE O ARRANXO DO TELECLUB DE MIXÓS

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre o arranxo do teleclub de Mixós, a cal é do seguinte teor:

" O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN: Arranxo do teleclub de Mixós.

Solicitamos a consideración do Pleno para que se proceda ao arranxo e adecuación do centro para o seu uso".

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Educación, Xuventude, Deportes, Cultura e Turismo do 27 de novembro de 2015.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Pregunta o concelleiro do BNG, Alberto Rodríguez:

Só quero facer unha pregunta: o teleclub de Mixós, os teleclubs en si, a quen pertencen?, pertencen ao Concello ou á Xunta do Pobo?

Ao que lle responde o alcalde:

Aí tamén hai dúbidas nese aspecto. Eu creo que pertencen ao Concello, o que pasa é que son teleclubs antigos.

O secretario interrompe ao alcalde para dicir:

Aquí pasa igual que co de Medeiros.

Di o alcalde:

Son os dous teleclubs que nos quedan. Están aí no limbo.

Engade o secretario:

Non se sabe. Foron feitos nos anos 70, unhas cousas raras que lles daban a asociacións e os veciños puñan os soares.

Toma agora a palabra a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, M^a del Carmen Sola Pérez e di:

Iso terá unha referencia catastral e dirá de quen é.

Respóndelle o secretario:

Eu penso que nin iso. Agora si que se catastraron porque agora catastrouse absolutamente todo pero: cal é o problema? E que o de Medeiros, xa cando eu entrei aquí, hai vinte e tantos anos, xa había unha lea, non se sabía se estaba cedido. No inventario tampouco figura pero que non figure no inventario non quere dicir que non sexa. Son os únicos, o de Medeiros e o de Mixós. Cando foi o tema das transferencias do Estado ás Comunidades autónomas, traspasouse mal, hai papeis que parece que se perderon; aí era onde estaba previsto quen era o titular. Intentamos algunha vez averigualo pero non nos deron a documentación.

Pregunta agora o concelleiro Limia Feijoo:

De quen é o de Estevesiños?

Respóndelle o secretario:

O de Estevesiños si que é do Concello. Hai algúns dos que se conseguiu a documentación. Sabes por que co de Estevesiños non hai problemas? Porque é mesa electoral.

Eu penso que son do Concello e o de Medeiros tamén, o que pasa é que tampouco queres entrar en disputas cos veciños.

De novo toma a palabra o voceiro do BNG, Alberto Rodríguez e di:

Eu só tiña esa dúbida porque se realmente os teleclubs son do Concello e cobran unha cota por telo aberto, o lóxico é que o Concello se faga cargo das reparacións, agora ben, se a xunta do pobo vai levar os beneficios, o lóxico é que a Xunta do pobo os arranxe. De todas maneiras, vou votar a favor sempre e cando o Concello teña unha partida para podelo arranxar. Todo o que sexa mellorar, eu voto a favor.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

O concelleiro de veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia apunta agora:

Só hai un baño nese teleclub. Aínda hai ventás e portas de madeira sen cristais. Se lle estivo facendo agora unha terraza por diante pero algo bastante necesario era simplemente facerlle un soportal. Algo que volvemos ao mesmo, é que non estamos a falar dunha cantidade de diñeiro importante, para dicir: non, é que o Concello no pode, tipo beirarrúas e tal. Estamos a falar de cousas relativamente pequenas. Simplemente para cando está pechado, e a xente está esperando, que non teña que chover nela, ou cando a xente sae a fumar, que non teña que chover nela.

Toma agora a palabra o alcalde para dicir:

Con relación a esta moción, o Grupo Popular quere insistir en que o Grupo Veciños de Monterrei vén realizando unha mala práctica co instrumento da moción. Entende o Grupo Popular que cunha simple pregunta ou rogo xa sería informado de todo o que o Concello leva feito nestes meses no teleclub de Mixós: Parece como que non se enteran ou non se queren enterar que en Mixós, e máis en concreto no teleclub, a través do obradoiro de emprego fíxose o que pediron os veciños, que foi arranxar o contorno do teleclub. Fíxose a terraza a dúas alturas. É certo que nos pediron nun futuro facer o soportal. Tamén se realizou unha reixa que evitara a entrada de augas. En definitiva, veuse gastando, achegando nós os materiais, arredor de 5.000 €. Creo que quedou un sitio bonito, cunha zona bastante curiosa, que hai que seguir mellorando, loxicamente, hai que facer máis cousas no contorno do teleclub. Hai que reparar o solo, e pintalo por fóra. Iso é o que me comentan os veciños de alí de Mixós que habería que realizar. E tamén haberá que acondicionar un pouco o contorno, en canto a tapar as fochas das dúas vías que van alí, porque iso hai que recoñecelo que está feito un desastre e iso ímolo facer coa brigada da Deputación cando a teñamos por aquí. Entón o voto do Grupo Popular ten que ser en contra porque xa estamos no tema do arranxo do teleclub de Mixós.

Ao que Limia Feijoo di:

E que o dicía como un logro poñer unha reixa para que non entrase a auga.

Respóndelle o alcalde:

Non só falei diso. Eu dígolle que nós estamos a traballar no arranxo do teleclub de Mixós, non é que teñamos que facer algo de novo alí e dentro das actuacións que se fixeron unha foi a de evitar que auga entrase no teleclub, pero non o considero un logro, nin nada polo estilo.

De novo o concelleiro de veciños di:

E que a terraza que se fixo fóra e a adecuación da zona, eu estiveno vendo e si que me parece que quedou ben, si que me gustou, pero o da reixa, e que é como se me di é que xa lle arranxamos as goteiras.

Reitera o alcalde:

E que lle estou dicindo que foi unha das actuacións que fixemos alí e que a maiores que temos que seguir facendo máis cousas, pero que estamos arranxando o teleclub de Mixós. E que da súa moción parece que non fixemos aínda nada no teleclub de Mixós e, efectivamente, estamos facendo.

O concelleiro de Veciños de Monterrei termina dicindo:

Eu creo que xa lle estiven dicindo ao principio, que xa fixeran a terraza, que era unha das



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

cousas que pedían, e que outras das cousas que pedían era as ventás de madeira porque de feito hai algunha que xa non ten nin cristais, pero o soportal, que era algo que xa levaban loitado moito tempo, para que a xente non tivese que estar á auga esperando a que abrirea ou estar á auga cando saen fumar.

O Pleno, por catro votos a favor do Grupo de Veciños de Monterrei e o BNG e sete votos en contra do Grupo Popular, ACORDA rexeitar a moción do Grupo Veciños de Monterrei.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Antes de pasar a tratar este asunto, o alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se hai algunha moción urxente. Respostan que non.

A continuación o alcalde diríxese aos voceiros dos grupos para que formulen os ROGOS e as PREGUNTAS:

Toma a palabra o voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, e formula os seguintes rogos:

1. Rogo que se arranxen o antes posible, non sei se xa volo comunicaron, na rúa da Igrexa, en Albarellos, xusto no alto, onde está a fonte, os lastros que están levantados.

Ao que lle di o alcalde:

Iso non sei se non será ao mellor porque houbo unha rotura, entón ao mellor abriron e están á espera de que pasen uns días.

O voceiro do BNG puntualiza:

Ben, non o sei, e que están todos levantados, entón antes de que caia ninguén, rogo que se arranxen o antes posible.

2. No atrio da Igrexa, en Albarellos, xusto onde están as escaleiras, hai un poste onde hai un farol e ese poste ten un contador dun automático, e está sen tapadeira nin nada. Chove por riba del. Rogo que lle diga ao electricista que poña unha caixa de rexistro nova.

3. Solicitara que se fixeran as podas das árbores pero xa vexo que xa empezastes e volto insistir nas beirarrúas, onde están as árbores, que non hai árbores, están os ocos baleiros, se non se van plantar unhas árbores novas, pois, cando menos, que se tapen os ocos.

4. Por último, tras recibir varias queixas dos veciños, que me comentaron, polo mal estado que está a sufrir unha casa na rúa Progreso que creo que é propiedade de Añel y Barja, solicítolle ao Concello que se poña en contacto coa empresa construtora e lle solicite o adecentamento dela, xa que fai aproximadamente tres semanas houbo xente sen teito que durmiu nun colchón que está alí dentro e, do mesmo xeito, á casa, que se está a caer, pode ter acceso calquera persoa. Entón polo menos que adecenten, se non a van construír, non van facer nada nela, polo menos que tiren a casa e que tapen para que ninguén poida acceder a ela.

Pregúntalle o alcalde ao voceiro:

E dis que é propiedade de Añel y Barja?

Ao que lle responde Alberto Rodríguez:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Creo que é propiedade de Añel y Barja, dos construtores.

Segue a dicir o alcalde:
E metéronse uns alí.

Aclara o voceiro do BNG:

Ben, si. Pero meteuse esa persoa e pode meterse calquera rapaz, caerlle por riba e despois a responsabilidade é deles, pero ben, se se pode evitar, mellor.

E pola miña parte nada máis, remata dicindo o voceiro do BNG.

Toma agora a palabra o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia e formula os seguintes rogos:

1. Rogo que termine de tapar o farol, porque xa é a terceira vez e segue a estar aberto. Máis que nada porque pasan por aí os nenos cando van ao parque, pasan ao lado del.

Intenta aclarar o alcalde preguntando:
O farol de aquí de Albarellos?

Respóndelle o concelleiro:
Si, o que está xunto ao campo da festa.

2. A fonte da praza Ángel Medeiros, tamén era algo que se facía en dous días e tamén está sen facer.

O alcalde coméntalle ao concelleiro:

Foi o fontaneiro, dúas ou tres veces. Arranxan e despois, ao día seguinte, volvemos estar na mesma. Aí temos alguén que nos está saboteando a fonte de Ángel Medeiros. É o que me di o fontaneiro. O fontaneiro foi tres ou catro veces alí. Arranxou o problema e ao día seguinte volve estar igual. Teremos que poñer cámaras.

Di o concelleiro de novo:
As veces que eu a vin, ten unhas gretas na parte de abaixo e verte o pilón.

Engade a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, M^a del Carmen Sola Pérez:
Non é cousa de fontanaría, é que verte.

Respóndelles o alcalde:
Ben, volvereille dicir.

Continúa co seguinte rogo o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia:

3. Todo iso que nos estivo explicando dos orzamentos, se o metese na memoria dos orzamentos, poderíamonos enterar máis. Ou se nos desen antes os orzamentos, poderíamolos estudar con máis profundidade.

Ao que lle di o alcalde:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

O do tempo, é o que é. E o documento, é que imos non a cen, senon a cento vinte por hora. Os prazos son os que son e os trámites son os que son e entón eu penso que, tempo máis que suficiente.

Interrompe ao alcalde o secretario para dicir:

Só unha cuestión. Esta vez puidose redactar un documento dentro do que cabe áxil e rápido. Esta vez foi máis rápido que outras veces. Déase conta que esta vez tiñamos os orzamentos xerais do Estado aprobados xa, xa tiñamos un documento de referencia, pero outras veces traballamos cun anteproxecto. E despois temos o problema que temos, non hai xente. A pesar de que hai moita xente, na parte técnica fiscal e contable...

Dí o alcalde:

Nós temos os medios dos que dispoñemos.

Continúa o secretario:

Se estou a isto, non estou a informar urbanismo. Problemas que temos nisto, reunións disto, doutro. Non hai mala fe, iso que quede claro.

De novo toma a palabra o concelleiro de Veciños de Monterrei e di:

Eu non estou a dicir que haxa mala fe. Pero non é o mesmo que as dúbidas que nos poidan xurdir, se o tivesemos mirado o outro día na comisión, que realmente era onde as había que mirar e non hoxe no Pleno, a que cheguemos a comisión e cando cheguemos nos ensinen os orzamentos. De feito non tiñamos nada para podelos comparar e os estivemos comparando coa execución do orzamento deste ano. E eu vin cousas que lle quería dicir antes, na nova estratexia para o 2016 e a min o único que me cadra é que cambian os números dun lado para o outro. Que vén sendo máis ou menos o mesmo salvo por detalles.

O alcalde toma agora a palabra para dicir:

Eu o que si me podo comprometer é que para o exercicio que vén, cando fagamos a convocatoria da comisión informativa dos orzamentos, se vos pase toda a documentación. Temos unha comisión informativa previa ou cos portavoces dos grupos ter previamente unha reunión onde se vos pasaría toda a documentación para chegar á comisión informativa xa con iso. Unha vez que teñamos a documentación, reunímonos os portavoces, dásevos a documentación e despois quedamos xa para a comisión informativa cando sexa.

O secretario engade:

O problema que hai tamén é que os concellos de menos de 5.000 habitantes teñen unha instrución de contabilidade distinta dos de máis de 5.000. E que hai moitas partidas globais. É a contabilidade que temos, non podemos ir a outro nivel como por exemplo o Concello de Verín que ten outra instrución de contabilidade e ten unha definición dos orzamentos moito máis clara. O que dicía Carmen Sola de que efectivamente non se sabe. Eu, dende o meu punto de vista técnico, seino, porque son que os fixo co alcalde, pero sei que é difícil intentar comprendelos, Limia.

Francisco Javier Limia di agora:

Pero se incluso en contabilidade orzamentaria é moito máis fácil. Non hai que facer tantas modificacións de crédito. É moito máis fácil facelo un pouco máis global, pero pódese arranxar coa memoria. Na memoria dos orzamentos, o que despois estivo dicindo aquí, parte dos



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

orzamentos xa se podería dicir, xa se poderían ter arranxado do que estivo dicindo. A diferenza é que queda reflectido. Cando é así, queda reflectido na memoria dos orzamentos e deste xeito queda reflectido no Pleno, pero pouco máis. E á hora de entregar a documentación, a documentación que estiven vendo a data de impresión é do 25 de novembro.

Dille o secretario ao concelleiro:

Limia, iso é un calendario que montamos nós así. Tampouco lle fagas moito caso ás datas.

Para rematar o asunto o alcalde di:

Eu asumo ese compromiso, de que previas ás comisións informativas ter unha xunta de portavoces e entregarnos a documentación relativa aos orzamentos.

Toma neste momento a palabra a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, M^a del Carmen Sola Pérez e formula o seguinte rogo:

Algún veciño de Medeiros me dixo de repoñer o cano vello da fonte do Baleciño, a que é romana, de arco. Que está desaparecido o cano, ou teno algún veciño ou algo así.

A seguir continúa a voceira de Veciños de Monterrei coas seguintes preguntas:

1. Falando de Medeiros. Van cambiar de sitio a ara romana de San Brais? Porque alguén do Concello comentou por alí que a ían mover de sitio. Se o van facer, se o fan con permiso escrito de Patrimonio e onde teñen intención de levala. A ara romana que está alí no ensanche, onde estaban arranxando a estrada.

Intervén a voceira do Grupo Popular, Rosa María Salgado Rodríguez e pregunta se é un cruceiro, ao que lle responde a voceira do Grupo Veciños de Monterrei que non é un cruceiro, que é unha ara romana.

Respóndelle o alcalde:

Informarémonos e contestarémolle no seguinte Pleno.

2. En canto aos orzamentos, as subvencións. Qué contratos teñen subvención? O xulgado ten?

A isto respóndelle o secretario:

Non. Para o xulgado hai unha subvención xenérica da Xunta de Galicia de 1.500 ou 1.700 € anuais. Para gastos correntes.

Puntualiza a voceira, M^a Carmen Sola:

Hai concellos que teñen unha subvención moito maior.

Ao que lle di o secretario:

Si, hai concellos que teñen unha subvención moito maior. Pero a nós déronnos esa subvención e é a que nos manteñen. É a que vén dende a Xunta. Que agora non hai, esas mantéñenas.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

M^a Carmen Sola engade:
E despois hai de técnico de emprego.

Explícalle o secretario:

Hai a do técnico local de emprego, que vai agora na Xunta de Goberno. Recibirédela. Vai aí reflectido. Hai a o orientador laboral, que está financiado ao 100%, non lle custa un duro ao concello. Eso conseguiuuse. Hai outros concellos que o orientador laboral teñen que financialo. E por que nun sitio si e noutro non? Non o sei.

A voceira continúa preguntado:

3. Pois falando do orientador laboral, cando lle termine o contrato ao Diego, que é agora no 31 de xaneiro de 2016, que teñen pensado facer?

Respóndelle o alcalde:

Pois non sei. Cando saia a orde correspondente de orientación laboral, volveremos pedila para o orientador laboral.

Di a voceira de Veciños de Monterrei:

Pero imaxino que faran unha oferta de emprego pública.

Explícalle o alcalde:

Habitualmente nesas ordes, vén a contratación da prórroga da persoa que está. Por exemplo para os axentes de emprego e desenvolvemento local pois ven a prórroga ou a contratación nova, por así dicilo. O que están a facer dende a Xunta é prorrogar a xente que xa está neses postos.

De novo pregunta a voceira de Veciños de Monterrei, M^a del Carmen Sola:

4. Xa ten pensado o importe de axuda por fillo ou aínda non?

Dille o alcalde:

Iso aínda non o sabemos. Vai á partida. É unha partida xenérica e cando se elaboren as bases, aí quedarán detallados os requisitos de acceso a esa subvención e contías.

Continúa a voceira:

5. Igual que no cadro dos orzamentos, hai unha serie de subvencións. As mulleres rurais, en xeral, teñen todas a mesma achega ou teñen que solicitalo?

Respóndelle o alcalde:

Aí explícolle. Imos ver, hai unha serie de asociacións de mulleres e doutro tipo, veciñal, como os gaiteiros de Flariz, que esas reciben o que é a subvención nominativa. A cantidade que está prevista no orzamento percíbena logo de presentar unha solicitude e o xustificante de gasto. A maiores, no orzamento deste ano, recollemos unha partida de 3.000 €, creo recordar, para iso, para asociacións veciñais. Estes 3.000 € si que serán por concorrencia competitiva. Quérese dicir con iso que tamén se elaborarán unhas bases e con base nelas as diferentes asociacións presentarán a súa solicitude e a súa programación do que van facer e haberá unha comisión de valoración que valorarán os diferentes proxectos e en funcións desa valoración, do diñeiro que temos e das solicitudes que haxa, farase o reparto correspondente.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Pregunta de novo M^a Carmen Sola:
Non hai unha cantidade xa?

Respóndelle o alcalde:

Non, aí non porque esas son por concorrencia competitiva, a diferenza das outras que son subvencións nominativas.

E xa por último pregunta a voceira de Veciños:

6. Pregúntanme os veciños de Vilaza: a casa que se está a construír detras da adega Vía Arxénteá, conta con todos os permisos necesarios? En que situación urbanística se atopa?

Respóndelle o alcalde:

Supoño que si pero miraremos a ver.

E para rematar, o alcalde, dirixíndose a todos os concelleiros, di:
Moitas grazas a todos e, se non nos vemos, felices festas.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, que o presidente asina comigo, o secretario, que dou fe.

O presidente,



O secretario,